

López-Barajas Zayas, Emilio (Dir.), Bejarano Franco, Mayte e Salido López, José Vicente (Coords.). (2012). *Mujeres y educación social: Teoría y praxis para la intervención socio-educativa*. Madrid: UNED. ISBN 978-84-362-6345-9. 154 páginas.

Obra colectiva dirixida por Emilio López-Barajas coa coordinación de Mayte Bejarano e José Vicente Salido, na que se afronta o tema de como a Educación Social pode axudarnos a abordar a perspectiva de xénero na nosa sociedade. Para elo pártese de numerosas investigacións e experiencias educativas.

O libro estrutúrase en dúas partes diferenciadas. Na primeira, constituída por os oito primeiros capítulos, preséntanse distintas situacións e dificultades que experimentan as mulleres, tales coma: a violencia de xénero, a pouca representación que temos no ámbito público e a persistencia de discursos sexistas. Poñendo de manifesto os mecanismos ocultos que perpetúan as desigualdades por razón de xénero, tais como a transmisión de roles diferenciados e a necesidade de axustarse a eles.

Así mesmo, nesta primeira parte, aténdese á situación das mulleres en situación de exclusión social, como as que están na cadea ou as que moran no eido rural. Sen deixar de achegarse á temática do acceso ás TIC, amosándonos como se pode pasar de ser usuarias a creadoras de contidos. Todo elo sen esquecerse do movemento que xurde do eco-feminismo, presentando interesantes reflexións sobre o tema.

Na segunda parte da obra, composta polos seguintes seis capítulos, atopámonos con experiencias que abordan a dimensión de xénero e o traballo con mulleres desde a Educación Social. Cada unha das contribucións afonda no traballo das educadoras e dos educadores sociais nos seus ámbitos específicos. Atopamos propostas de traballo con mulleres que están en centros de acollida, mulleres no eido rural e en situación de conflito social e político, coma no caso do pobo saharauí. De todas elas podemos extraer proveito para o desenvolvemento de proxectos que teñan ás mulleres coma centro de atención.

Trátase pois, dunha obra que nos procura unha revisión e actualización da acción socioeducativa en temas de xénero desde unha pluralidade que nace das distintas visóns que as autoras e autores nos propoñen. Constitúe logo, unha fonte de reflexión sobre a situación e a representación social das mulleres no mundo actual.

María Julia Diz López
Universidade de Santiago de Compostela